

Traballo destina 2,2 millóns a manter a rede de axentes de emprego e desenvolvemento local integrada por 258 traballadores

- ▶ O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica esta liña de axudas da Consellería de Trabajo e Benestar destinada á contratación de profesionais cualificados que actúen como dinamizadores do desenvolvemento económico
- ▶ As subvencións están dirixidas aos concellos e a súa finalidade é reactivar, principalmente, a economía das zonas rurais
- ▶ Este ano mantéñense de novo os criterios que priman os proxectos de xestión compartida

O DOG publica o decreto que optimiza o servizo ofrecido pola Xunta nos puntos de encontro familiar de Galicia

- ▶ O Decreto regula os puntos de encontro familiar (PEF) de Galicia para actualizar o anterior, que data de 2009.

O DOG publica o decreto que permite aplicar a exención total da cota a partir do segundo fillo que acuda á mesma escola infantil

- ▶ Desta actuación beneficiaríanse as familias cunha renda per cápita igual ou inferior a 7.500 euros anuais
- ▶ Esta iniciativa forma parte do Plan para a dinamización demográfica de Galicia aprobado polo Parlamento galego o ano pasado
- ▶ A oferta na rede autonómica de escolas infantís Galiña Azul para o curso 2014/2015 será de 8.750 prazas, un 61,14 por cento máis que en abril de 2009

A campaña de verán de Xuventude remata en toda Galicia cunha oferta de máis de 8.200 prazas, un 2,7% máis que en 2013



- ▶ O presidente da Xunta visitou os participantes no campo de traballo Hospitaleiros do Camiño, no programa de voluntariado Melide no Camiño e no campamento En bicicleta pola natureza
- ▶ A Consellería de Trabajo e Benestar destinou a esta iniciativa máis de 2,3 millóns de euros
- ▶ A campaña permitiu a contratación de máis de 900 persoas desempregadas como monitores e directores de tempo libre
- ▶ Galicia foi a comunidade autónoma cunha maior oferta de campos de traballo internacionais

Informe do paro rexistrado

Galicia pecha agosto con 3.340 persoas desempregadas menos, o maior descenso do Estado por segundo mes consecutivo

Sumario	Política social	2-7	Informe do paro rexistrado	13
	Traballo e economía social	8-11	Xuventude e voluntariado	14-15
	Sinistralidade laboral	11	Publicacións	16-18
	Emprego e formación	12-13	Normativa	18-24

Créditos	Edita:	Consellería de Trabajo e Benestar
	Elaboración:	Sección de Publicacións e Estatísticas
	Coordinación:	Pepa Dabán Royo
	Maquetación:	Antonio Lameiro Ces
ISSN:	2254-7835	

O DOG publica o decreto que permite aplicar a exención total da cota a partir do segundo fillo que acuda á mesma escola infantil

- ▶ A Consellería de Traballo e Benestar porá en marcha esta medida a partir deste mes de setembro
- ▶ Desta actuación beneficiaríanse as familias cunha renda per cápita igual ou inferior a 7.500 euros anuais
- ▶ Esta iniciativa forma parte do Plan para a dinamización demográfica de Galicia aprobado polo Parlamento galego o ano pasado
- ▶ A oferta na rede autonómica de escolas infantís Galiña Azul para o curso 2014/2015 será de 8.750 prazas, un 61,14 por cento máis que en abril de 2009

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2014.-

O Diario Oficial de Galicia (DOG) vén de publicar a modificación do Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Xunta, que permitirá á Consellería de Traballo e Benestar aplicar a partir do mes de setembro a exención total da cota a partir do segundo fillo ou filla que acuda ao mesmo centro. Desta actuación, poderán beneficiarse as familias cunha renda per cápita igual ou inferior a 7.500 euros anuais. Así mesmo, esta iniciativa do Goberno galego tamén vai dirixida aos menores con medidas administrativas de tutela ou garda en situación de acollemento familiar.

Esta medida forma parte do Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020, aprobado no Parlamento de Galicia o ano pasado co obxectivo de acadar a rexeneración demográfica de Galicia. Este documento recolle ata 69 medidas para actuar de maneira eficaz, sostible e coordinada mediante un conxunto de estratexias de carácter transversal para atallar o problema da demografía na Comunidade Autónoma.

A exención no pagamento a partir do segundo fillo que acuda á mesma escola infantil forma parte das actuacións recollidas neste plan, que están destinadas especificamente a apoiar as familias e, especialmente, aquelas persoas que

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140724/AnuncioCA05-180714-0001_gl.pdf



deciden ter dúas ou máis fillas ou fillos, xa que estas familias son as que están facilitando a substitución xeracional establecido en 2.1 filla ou fillo por muller en idade fértil.

Polo tanto, esta actuación pretende buscar un apoio real para as familias, eximindo aquelas que teñen máis dun fillo ou filla na mesma escola e as acolledoras do pagamento da cota correspondente. Esta actuación tamén forma parte da Estratexia de apoio para as familias numerosas de Galicia 2013-2016 que promove accións para mellorar a situación das familias galegas. Esta iniciativa, ademais, inscribese na aposta da Xunta por facilitar ás

familias a conciliación da vida familiar e laboral. Así, nos últimos anos, o Goberno galego está a poñer en marcha novos centros. Para o curso 2014-2015 ofértanse 8.750 prazas, o que supón con respecto a abril de 2009 un incremento do 61,14 por cento.

Ademais da oferta pública en escolas infantís, a Xunta oferta o cheque infantil para preto dun millar de familias que queden sen praza na rede pública. Na actualidade, as prazas sostidas con fondos públicos (escolas da Xunta, municipais, de iniciativa social subvencionadas e o cheque infantil) ascenden a 19.201 en Galicia.

<http://www.escolasinfantisdegalicia.es/>



O DOG publica o decreto que optimiza o servizo ofrecido pola Xunta nos puntos de encontro familiar de Galicia

- ▶ O Decreto regula os puntos de encontro familiar (PEF) de Galicia para actualizar o anterior, que data de 2009
- ▶ O novo regulamento entrará en vigor a partir do 1 de novembro
- ▶ O Goberno autonómico establecerá un prazo máximo de intervención de dous anos, para evitar que a situación conflitiva perdure e co obxectivo de normalizala o antes posible
- ▶ Ademais, o seu acceso realizarase por derivación do órgano en materia de familia da Consellería, a petición dos órganos xudiciais ou dos servizos de familia e menores das xefaturas territoriais
- ▶ Os PEF constitúen un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente coa finalidade de favorecer a relación entre as nenas e nenos e as súas familias.

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2014.-

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica o decreto polo que se optimizará o servizo que a Xunta ofrece a través dos puntos de encontro familiar (PEF) de Galicia. A Consellería de Traballo e Benestar modifica, polo tanto, o procedemento de acceso e derivación aos puntos de encontro familiar (PEF) co obxectivo de incrementar o control sobre eles e, desta maneira, optimizar o servizo que se ofrece ás familias. O novo regulamento entrará en vigor o próximo 1 de novembro.

Coa nova normativa, o acceso

aos PEF realizarase por derivación do órgano en materia de familia da consellería con competencias en materia de servizos sociais, por petición dos órganos xudiciais ou dos servizos de familia e menores das xefaturas territoriais do departamento autonómico, mentres que ata a actualidade podía derivar directamente tamén o órgano xudicial. Esta novidade permitirá optimizar a xestión do servizo.

O regulamento actual dos puntos de encontro familiar de Galicia data de 2009. O novo decreto estruturase en cinco capítulos, unha disposición adicional, unha

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140801/AnuncioCA05-160714-0012_gl.pdf



transitoria, unha derogatoria e dúas disposicións derradeiras.

Entre as novidades, destaca tamén o establecemento dun prazo máximo de intervención de dous anos, salvo nos supostos de violencia de xénero e aqueles casos nos que os profesionais do PEF xustifiquen a conveniencia da continuación por períodos de tempo que non excedan os tres meses. O obxectivo da medida é acadar a normalización da situación conflitiva e que esta non perdure, tendo en conta que a intervención que se realiza nestes servizos é de carácter temporal e desenvolvida por profesionais.

Os PEF constitúen un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente coa finalidade de favorecer a relación entre as nenas e nenos e as súas familias cando exista unha situación de separación, divorcio, tutela ou calquera outro suposto de interrupción da convivencia familiar.

Galicia dispón na actualidade dun total de sete puntos de encontro familiar nas sete grandes cidades e situados en edificios públicos, e contará este ano cun orzamento de preto de 650.000 euros para o seu funcionamento.

<http://benestar.xunta.es/web/portal/puntos-de-encontro-familiar>



<http://www.familiasgalegas.org/>



Galicia destinará o fondo estatal de pobreza infantil á atención integral de familias con menores a cargo



A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, participou no Consello territorial de servizos sociais e do sistema para a autonomía e atención á dependencia.

Madrid, 16 de xullo de 2014.- Galicia destinará os 725.000 euros que recibirá do Fondo estatal para a prevención e loita contra a pobreza infantil á atención integral das familias con menores a cargo e nunha situación de especial vulnerabilidade.

Así o destacou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, tras a súa participación no Consello territorial de servizos sociais e do sistema para a autonomía e atención á dependencia, onde se formalizou a repartición deste fondo entre as distintas comunidades autónomas. O criterio empregado foi a taxa AROPE de cada un dos territorios.

A titular do departamento autonómico recordou que Galicia é a sexta comunidade autónoma coa taxa AROPE máis baixa, dato que determinou que a comunidade recibise do fondo estatal os 725.000 euros.

Con todo, en declaracións posteriores a esta xuntanza, a conselleira sinalou que xa realizou unha "petición expresa" ao Goberno central de cara ás próximas distribucións deste fondo. En concreto, solicitou que, ademais da taxa AROPE, se teña tamén en conta a poboación dos territorios á hora de repartir este financiamento.

Con respecto ás medidas

- ▶ O Goberno galego recibirá un total de 725.000 euros a través desta partida
- ▶ Así se formalizou en Madrid no Consello territorial de servizos sociais e do sistema para a autonomía e atención á dependencia, ao que asistiu a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato
- ▶ A conselleira solicitou que, ademais da taxa AROPE, tamén se teña en conta o total da poboación dos territorios á hora de acometer a repartición deste fondo en próximas ocasións
- ▶ Mato valorou o anteproxecto estatal da Lei de protección á infancia, que coincide coa liña de actuación galega de potenciar os acollementos familiares sobre os residenciais

que se acometerán en Galicia con cargo a este fondo, Mato xa tiña anunciado no Parlamento autonómico que se incrementarán as axudas de inclusión social destinadas a cubrir as necesidades básicas, e se aumentará o financiamento destinado á Federación de Banco de Alimentos, co fin de garantir o sustento das familias con menores a cargo que están pasando maiores dificultades. Trátase, polo tanto, de reforzar medidas que xa están en marcha, priorizando as familias con menores e facendo chegar as axudas directamente aos seus núcleos.

Protección á infancia

Mato destacou outro punto da xuntanza tamén relacionado cos menores, como é o anteproxecto estatal da Lei de protección á infancia. Unha normativa que cualificou de "pioneira", e na que valorou especialmente que se pon "por riba de todo" o

interese dos nenos e nenas.

Entre as distintas melloras que inclúe este texto, a conselleira destacou especialmente as novidades previstas no acollemento familiar dos menores en situación de desprotección. Ao respecto, lembrou que Galicia xa leva anos aplicando unha política de priorización do acollemento familiar sobre o residencial, de acordo coa Lei de apoio á familia e á convivencia aprobada en 2011. Grazas a estes esforzos, a porcentaxe de acollemento familiar actualmente en Galicia está situada no 65 por cento.

Xa por último, sinalou que no consello territorial, que foi "moi amplo", tamén se trataron outros puntos como o Congreso de Voluntariado ou a extensión da validez da tarxeta de aparcamento para discapacidade a todo o territorio nacional, tal e como reclaman as entidades representativas deste colectivo.



Benestar pecha un protocolo co Banco de Alimentos e a Fegamp para ampliar a protección ás familias en situación de vulnerabilidade con menores a cargo

- ▶ A directora xeral de Familia e Inclusión, Amparo González, mantivo en Santiago unha xuntanza co presidente da Federación Galega de Bancos de Alimentos, José Pita, para iniciar de xeito inmediato a coordinación na entrega de alimentos
- ▶ No protocolo establécese un procedemento de actuación para determinar a coordinación para a entrega de alimentos
- ▶ A Consellería de Traballo e Benestar tamén aumentará as axudas de inclusión social dirixidas a cubrir as necesidades básicas, ademais de incrementar o financiamento destinado á Federación de Banco de Alimentos
- ▶ Co reforzo destas dúas medidas, o Goberno galego garante o sustento das familias con menores a cargo en risco de exclusión
- ▶ Estes recursos complementan outras actuacións que xa se están levando a cabo en materia de inclusión

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2014.- A Consellería de Traballo e Benestar vén de pechar coa Federación Galega de Banco de Alimentos e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) o protocolo de colaboración para ampliar a protección ás familias con menores a cargo en situación de vulnerabilidade.

A directora xeral de Familia e Inclusión, Amparo González, mantivo en Santiago unha xuntanza co presidente da Federación Galega de Bancos de Alimentos, José Pita, para iniciar a coordinación na entrega de alimentos, unha medida que complementa o orzamento inicial previsto polo departamento

autonómico para Federación de Banco de Alimentos.

Ademais de incrementar a dispoñibilidade orzamentaria inicial destinada á Federación de Bancos de Alimentos, a Consellería de Traballo e Benestar tamén aumentará as axudas de inclusión social destinadas a cubrir as necesidades básicas, co fin de garantir o sustento das familias con menores a cargo que están pasando maiores dificultades.

Un compromiso para todo o ano

Trátase de reforzar ferramentas que xa están en marcha, polo que é importante salientar que estas dúas medidas non se limitarán aos meses estivais. Polo

tanto, este compromiso do Goberno galego coas persoas que peor o están pasando esténdese a todo o ano, xa que non se trata de poñer un parche no verán, de aí que desde a Xunta se aposta-se por unha solución conxunta na que o máis importante é a protección do menor.

Con respecto ao protocolo específico de actuación coordinado cos concellos para este verán, co fin de que os alimentos cheguen directamente ás familias que os necesiten, é preciso salientar que no documento se establece que as familias destinatarias serán aquelas que se atopan nunha situación de vulnerabilidade diagnosticada polos servizos sociais comunitarios do concello onde residen e sempre que teñan menores a cargo. As circunstancias nas que se atopan as familias serán analizadas polos servizos sociais comunitarios da Administración local para determinar a necesidade de intervención cunha achega de alimentos básicos.

Polo tanto, e, tal e como se estipula no protocolo, ante a detección dunha familia que teña menores a cargo e con

problemas para cubrir as necesidades alimenticias por falla de recursos económicos, e se se cumpren as condicións do artigo 49 da Lei 10/2013 de inclusión social de Galicia, os servizos sociais do concello comunicaran directamente á Federación Galega de Bancos de Alimentos que, xunto coa Consellería de Traballo e Benestar, contrastarán a percepción por parte desas familias doutra axudas ou prestacións coa mesma finalidade. Os bancos de alimentos distribuirán os lotes de alimentos a cada concello en función da súa petición.

En definitiva, serán os servizos sociais dos concellos os que determinen cales son as familias afectadas, con menores a cargo, que por falla de recursos económicos e non recibir outro tipo de axudas que cubran as súas necesidades, precisen esta achega extraordinaria de alimentos. Tanto a Consellería de Traballo e Benestar como a Fegamp e o Banco de Alimentos comprométese a garantir a total confidencialidade dos datos persoais e familiares aos que teñan acceso como consecuencia deste protocolo.

<http://www.bancodealimentos.es/>

Federación Española de Bancos de Alimentos

INICIO | LOS BANCOS DE ALIMENTOS | NOTICIAS | COLABORA

Más de 10.000 familias necesitadas reciben ayudas de los Bancos de Alimentos

PEDALADAS DE LUJO

PREMIO A LA CÁTEDRA BANCOS DE ALIMENTOS

El 03 Septiembre 2014, posteo en

Benestar incrementa nun 18%, ata preto de 1,6 millóns, as axudas aos concellos para apoiar os seus programas de inclusión social

- ▶ O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica a orde que regula as ditas subvencións que permite complementar a Lei de inclusión social con accións concretas que benefician en maior grao a algúns colectivos
- ▶ Centrarase no cofinanciamento de programas desenvolvidos polas corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e, ao igual que en 2013, doutras persoas en risco de exclusión beneficiarias da Renda de inclusión social de Galicia (RISGA)
- ▶ Nos programas dirixidos á comunidade xitana investiranse máis de 600.000 euros en accións formativas ou informativas; para a poboación inmigrante, máis de 373.000 euros; e para beneficiarios da RISGA, máis de 615.000 euros

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2014.- A Consellería de Traballo e Benestar vén de incrementar nun 18 por cento as axudas que destina ás corporacións locais para apoiar os programas de inclusión social que realizan tanto coa poboación xitana e inmigrante como con outras persoas en risco de exclusión beneficiarias da Renda de inclusión social de Galicia (RISGA). Deste xeito, o departamento autonómico destinará a este fin preto de 1,6 millóns de euros.

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica a orde que regula as ditas subvencións, que permite complementar a Lei de inclusión social con accións concretas que benefician en maior grao algúns colectivos, tales como actuacións de carácter residencial para persoas e familias incorporadas aos procesos de realoxamento e erradicación do chabolismo ou con carencias básicas no fogar;

ou accións de carácter educacional no marco da pobreza infantil, co obxectivo de favorecer desde o ámbito sociofamiliar a plena normalización no sistema educativo dos menores.

Así mesmo, inclúe medidas hixiénico-sanitarias para a adquisición de pautas normalizadas de atención aos problemas derivados da súa carencia; ou actuacións de información, asesoramento e apoio, no caso das persoas inmigrantes, para a realización de trámites precisos nas autorizacións e renovacións de residencia de traballo, homologación de títulos, reagrupamentos familiares e na emisión de informes de arraigo e de vivenda axeitada.

O obxectivo último de todas estas actuacións é acadar a inserción sociolaboral destes colectivos.

Para os programas para a inclusión social de persoas beneficiarias da RISGA, os concellos



contarán con máis de 615.000 euros para a realización de itinerarios personalizados e formación en habilidades básicas e outra formación prelaboral e ocupacional axeitada ás necesidades destas persoas.

Estes itinerarios incluírán accións necesarias para o deseño, acompañamento e a mellora de aptitudes básicas, desenvolvemento persoal ou técnicas de busca de emprego. A execución dos ditos itinerarios implicará necesariamente que os participantes asistan a actividades formativo-laborais. Tamén se poderán incluír outras de carácter residencial, educacional ou de adquisición de pautas hixiénico-sanitarias. Esta axuda está prevista para casos de concellos nos que non exista outro dispositivo público que realice este tipo de actividades cos perceptores da RISGA.

Nos programas dirixidos á comunidade xitana investiranse

máis de 600.000 euros en accións formativas ou informativas, ademais de considerarse como unidade básica de intervención social, que consiste na atención individualizada co obxectivo final da inserción sociolaboral.

Nos programas dirixidos a poboación inmigrante destinaranse máis de 373.000 euros para financiar asesoramento técnico especializado; reforzo educativo para o alumnado inmigrante en Galicia; aprendizaxe das linguas da sociedade de acollida para adultos; intervención social realizada a través de itinerarios de inclusión sociolaboral personalizados e accións formativas para: desemprego dun posto de traballo, introdución á sociedade de acollida, alfabetización dixital no contorno laboral, tales como prácticas en empresas, adquisición de competencias clave, obtención de títulos e certificados de profesionalidade, creación de emprego autónomo.

Benestar financia con 3,7 millóns de euros 117 entidades de iniciativa social de Galicia, un 11% máis que en 2013

- ▶ A Consellería de Traballo e Benestar vén de resolver esta orde de axudas para a que este ano se destinou un 14 por cento máis de orzamento que o exercicio anterior
- ▶ En total, financiaranse 321 actividades destas entidades, un 37 por cento máis de actuacións que en 2013.

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2014.- A Consellería

de Traballo e Benestar vén de resolver a orde de axudas para

apoiar o labor que realizan en Galicia as entidades de iniciativa social cos colectivos máis desfavorecidos. En total, este ano financiaranse cun orzamento de 3,7 millóns de euros 117 entidades, o que supón un 11 por cento máis que en 2013. Isto é posible grazas

a que este ano o departamento autonómico aumentou nun 14 por cento o orzamento dedicado a estas axudas. En total, a Xunta financiará 321 actividades destes colectivos, un 37 por cento máis de actuacións que no exercicio anterior.

Emigración destina a políticas sociais para os maiores do exterior case tres millóns de euros, dos que se benefician arredor de dez mil familias

- ▶ Esta cantidade supón a metade do orzamento efectivo do departamento que dirixe Antonio Rodríguez Miranda
- ▶ Só na convocatoria de axudas individuais por situacións de precariedade e axudas de natureza humanitaria por emerxencia, Emigración inviste máis de dous millóns
- ▶ Ademais, destináronse 55.000 euros ás axudas especiais para emigrantes, galegos de orixe, en Cuba, outros 509.000 para colaboración con entidades para a prestación de servizos sociais (dos que 120.000 son achegados pola Consellería de Traballo e Benestar), e 375.000 para as viaxes socioasistenciais para maiores galegos residentes no estranxeiro ('Reencontros na terra' e 'Reencontros na casa').

Santiago de Compostela, 16 de agosto de 2014.-Na liña do Goberno galego de garantir, na medida do posible, as mellores condicións de vida para todas e todos os galegos de idade avanzada independentemente de onde vivan, a Secretaría Xeral da Emigración destina este ano 2.954.000 euros (contando a achega de 120.000 euros da Consellería de Traballo e Benestar) a investimentos de carácter social e asistencial para maiores, dos que se benefician en torno a dez mil familias.

Este investimento en política social para os maiores no estranxeiro supón a metade do orzamento efectivo (orzamento total menos o gasto en persoal) do departamento que dirixe Antonio Rodríguez Miranda.

Tres liñas básicas

A primeira das liñas básicas de actuación en materia social para os galegos da diáspora e a partida orzamentaria máis importante do investimento da Secretaría Xeral da Emigración, é a que corresponde á convocatoria de axudas individuais para 2014, destinada a paliar sete tipos de situacións: unidade familiar en precariedade; dependencia ou enfermidade grave do solicitante; dependencia ou enfermidade grave no seo da unidade familiar; invalidez ou enfermidade permanente; cobertura de medicamentos e tratamentos de enfermidades crónicas ou graves cando teñan un custo elevado; mulleres que sufran

violencia de xénero; e situación de desemprego na unidade económica familiar. Na inmensa maioría dos casos, as beneficiarias son familias con, cando menos, un integrante de avanzada idade.

Trátase de axudas cun desembolso único por ano (compatible coas axudas e pensións que outorga o Goberno central), ás que cómpre engadir as axudas por emerxencia social e humanitaria, que se conceden de maneira puntual para facer fronte a situacións sobrevidas ocasionais e extraordinarias de extrema necesidade, e das que tamén se benefician nunha elevada porcentaxe de familias con algún membro maior. Entre as primeiras e as segundas, a cifra supera os dous millóns de euros (2.015.000 euros).

Esta actuación da Secretaría Xeral da Emigración palia a situación de case oito mil (7.740) beneficiarios, e por tanto de familias galegas residentes no Exterior, durante o presente ano 2014. O país no que reside o maior número de beneficiarios é Cuba, seguido por Arxentina, Uruguai e Venezuela.

Nesta liña encádrase tamén unha actuación especial no caso da illa de Cuba, onde os galegos de orixe -nados na Galicia territorial- contan cunha avanzada idade, e polo tanto precisan dun tratamento diferenciado, acorde coas especiais dificultades da súa vida alí. Neste ano, 550 familias con algún membro galego de orixe recibirán axudas en especie (alimentos e outros produtos de primeira necesidade).



Reencontros

A segunda liña de actuación social son as viaxes socioasistenciais para maiores galegos residentes no estranxeiro, os programas 'Reencontros na terra' e 'Reencontros na casa', que neste ano 2014 farán que máis de 300 galegas e galegos -algúns casos acompañados dos seus cónxuxes- residentes no estranxeiro poidan visitar a terra onde naceron.

'Reencontros na terra' ten por finalidade favorecer o achegamento á súa terra e ás súas familias dos emigrantes galegos de 65 ou máis anos de idade, que así poden redescubrir as súas raíces, tanto de tipo cultural e social, poñéndose en contacto coa realidade do seu país de orixe. Pasan un tempo nunha residencia da Xunta, que asume o custo da pasaxe, en caso de que a persoa non teña capacidade para pagalo, e outro tempo -se así queren e poden- con familiares.

Pola súa banda, 'Reencontros na casa' establece a concesión de axudas do 60 % da pasaxe entre os seus países de residencia e Galicia (agás no caso de Cuba e Venezuela, en que chega ata o 100 por cento) para galegos de avanzada idade que acrediten cumprir unha serie de condicións que dificultan a súa visita a Galicia sen a axuda da Administración. O papel da Xunta neste caso, ademais de sufragar esa parte do billete, é o de velar pola

súa saúde no traslado, e organizar coas familias o reencontro. Unha vez realizado este, son elas, as familias, as encargadas da manutención e hospedaxe dos beneficiarios da iniciativa. A duración da estadia en Galicia non pode prolongarse en ningún caso máis aló dos tres meses.

Colaboración socioasistencial

Finalmente, e como terceira liña de axuda para os maiores galegos residentes no exterior, Emigración asigna 389.000 euros en total para colaboración con entidades para a prestación de servizos sociais, aos que se engaden 120.000 da achega complementaria que realiza a Consellería de Traballo e Benestar. Trátase de servizos de asistencia social e sanitaria en países de Iberoamérica (Venezuela, Arxentina, Uruguai, Brasil e Cuba) que teñen por finalidade garantir as mellores condicións posibles de vida para as e os anciáns con orixe galega e que, por razóns económicas ou de outra índole, necesitan atención neses centros.

Aínda que o cálculo exacto de beneficiarios desta medida é complicado -por canto varían ao longo do ano as cantidades concretas de atendidos orixinais de Galicia-, calcúlase que son máis de 1.500 os anciáns galegos, e indirectamente as súas familias, atendidos cada ano por esas entidades.

O primeiro 'Job Day' da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal permitirá pechar preto de 50 contratacións no sector do metal



- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, acompañada do director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, Jesús Gamallo, inaugurou este encontro que consta de dous obxectivos principais: a cooperación transfronteiriza e a loita polo emprego
- ▶ Mato destacou as diversas actuacións que se están a levar a cabo no marco da eurorrexión como a formación profesional transfronteiriza, a rede Eusumo, o Eures ou o Plan de investimentos conxuntos
- ▶ O departamento autonómico está a colaborar directamente con ASIME en iniciativas como a formación homologada internacional para preto de 800 traballadores do naval; ou o Empreganav, que promoveu a reinserción laboral de 450 profesionais do sector

Tui (Pontevedra), 1 de xullo de 2014.- O primeiro 'Job day' da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, celebrado en Tui e organizado pola Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT), está previsto que permita pechar preto de 50 contratacións por parte de 14 empresas galegas e portuguesas.

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, acompañada do director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, Jesús Gamallo, inaugurou este

encontro que consta de dous obxectivos principais: a cooperación transfronteiriza e a loita polo emprego. A súa finalidade é facilitar o contacto entre empresarios e profesionais dun sector determinado, neste caso do metal, e promover así a contratación no marco da Eurorrexión.

A titular de Traballo explicou que a cooperación de proximidade de "é un instrumento esencial". Indicou que xa existe unha mobilidade fluída na Eurorrexión, que debe seguir promovéndose, tal

e como xa se está facendo con diversas actuacións a través da oficina de cooperación.

Neste sentido, destaca a formación profesional transfronteiriza destinada a formar as persoas en situación de desemprego de ambos lados da fronteira e capacitadas para optar a postos de traballo nos dous países; a rede Eusumo, coa celebración dos primeiros encontros luso-galaicos de economía social e facilitando o seu acceso ás cooperativas portuguesas; ou a homologación dos títulos de formación profesional e o seu recoñecemento en ambos os países para as especialidades de mecánica e electrónica do automóbil e que se vai abrir á hostalaría ou á madeira.

Así mesmo, Beatriz Mato destacou o "importante papel" que xoga o Eures no ámbito da promoción da mobilidade dos traballadores da Eurorrexión. Trátase dun servizo que naceu en 1998 como resultado da asociación da Comisión Europea, a Xunta e o Instituto do Emprego e Formación de Portugal. O de Galicia e norte de Portugal é o único servizo Eures transfronteirizo que hai en España.

Por último, é preciso salientar o Plan de investimentos conxuntos, que recolle as principais liñas de actuación da Eurorrexión "para avanzar no camiño dun crecemento intelixente, integrador e sostible". Mato indicou que un dos

eixes básicos deste plan é "fomentar unha eurorrexión competitiva que aposta polo emprego".

Nese sentido, avanzou que nas vindeiras convocatorias con financiamento comunitario se apoiará de forma especial aqueles proxectos conxuntos que se centren no emprendemento, o cooperativismo, o emprego xuvenil, a creación de viveiros de empresas ou o fomento da mobilidade laboral.

Doutra banda, a titular de Traballo explicou que o Job Day se centrará no sector do metal, que representa o 20% do PIB de Galicia e está composto por máis de 3.600 empresas, en actividades como a automoción, o naval, a construción ou a fabricación de produtos metálicos, e dá emprego a preto de 57.000 traballadores.

Mato lembrou que a Xunta se está a aplicar neste sector con iniciativas como a alianza estratéxica con Pemex, que vai reportar a Galicia 600 millóns. Así mesmo, desde o departamento autonómico estase a colaborar directamente con ASIME, o principal axente social do sector, en iniciativas como a formación homologada internacional para preto de 800 traballadores do naval en situación de desemprego cun investimento de 1,1 millóns de euros; ou o Empreganav, que finalizou nos primeiros meses deste ano, e que foi unha iniciativa pioneira que promoveu a reinserción laboral de 450 profesionais

en 450.000 euros, desde os 1,1 millóns ata os 1,5, o que permitirá levar a cabo 49 cursos (en 7 especialidades), dez mais que os previstos inicialmente, e aumentar en 150 os beneficiarios totais do programa, ata chegar a un total de 750.

<http://www.eures-norteportugal-galicia.org/>

Traballo ampliará o convenio asinado con Asime para mellorar a cualificación dos traballadores do sector naval

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato anunciou en Ferrol unha addenda que amplía o orzamento do convenio asinado en marzo coa patronal metalúrxica
- ▶ Así, a colaboración entre Xunta e Asime superará o millón e medio de euros grazas aos que se desenvolverán preto de 50 accións formativas que poderán beneficiar máis de 700 traballadores do sector do naval
- ▶ Na comarca de Ferrol, desenvolveranse un total de 16 cursos ao longo de 2014 e 2015 que permitirán, segundo indicou a titular de Emprego, "unha mellora efectiva da empregabilidade" e outorgarán aos traballadores a homologación internacional que precisan para traballar nos estaleiros e nas empresas auxiliares do naval
- ▶ No marco dese apoio, considerou "fundamental" poder colaborar con ASIME en diversas accións como nos avances na prevención de riscos laborais, a posta en marcha de actividades formativas como as que recolle este convenio ou as iniciativas innovadoras como Empreganav
- ▶ Este último programa, que rematou este ano, promoveu a reinserción laboral de 450 profesionais do sector que perderon o seu traballo, reconducíndoos cara novas alternativas

Ferrol, 11 de xullo de 2014.- A Consellería de Traballo e Benestar e Asime impartirán un mínimo de 16 cursos de formación en Ferrol para 240 alumnos do sector naval en situación de desemprego. Así o explicou a titular deste departamento, Beatriz Mato, durante unha visita aos alumnos participantes nas primeiras accións formativas que se realizan ao abeiro do convenio asinado coa patronal do metal, Asime.

Mato anunciou, durante a visita, que xa está prevista a ampliación do convenio asinado o pasado mes de marzo entre o departamento autonómico e o axente social neste eido. Desta maneira, o orzamento aumentará

en 450.000 euros, desde os 1,1 millóns ata os 1,5, o que permitirá levar a cabo 49 cursos (en 7 especialidades), dez mais que os previstos inicialmente, e aumentar en 150 os beneficiarios totais do programa, ata chegar a un total de 750.

A titular de Traballo lembrou que estas iniciativas contribúen a acadar "unha mellora efectiva da empregabilidade" ligada a unha formación "de calidade, certificada e vinculada ás necesidades reais do mercado laboral". Neste caso, outorgarán aos traballadores a homologación internacional que precisan para traballar nos estaleiros e nas empresas auxiliares do naval.



Mato explicou que ofrecen múltiples vantaxes: preparan e facultan os traballadores para facer fronte aos novos retos do naval galego como os derivados da alianza estratéxica con PEMEX que vai reportar 600 millóns de euros a Galicia; melloran moi significativamente os seus currículos; e aumentan a competitividade das empresas do sector, ao permitirles contar cos profesionais máis preparados.

A responsable do departamento autonómico engadiu que estes cursos apoian os sectores estratéxicos da economía galega, como é o naval e as empresas auxiliares. No marco dese apoio ao naval, considerou "fundamental" poder colaborar con ASIME en diversas accións como nos avances na prevención de riscos laborais,

<http://www.empreganav.com/es>

<http://www.empreganav.com/es>

EURES Transfronteirizo Galicia - Norte Portugal

EURES transfronteirizo Galicia - Norte de Portugal

EURES (Servizos de Emprego Europeos) é unha rede de cooperación entre a Comisión Europea e os servizos públicos de emprego dos Estados membro que ten a función de facilitar información sobre **oportunidades de emprego** e condicións de vida e traballo no Espazo Económico Europeo.

EURES (Serviços de Emprego Europeus) é uma rede de cooperação entre a Comissão Europeia e os

Castelán Galego Contacto Mapa web Accesibilidade

Medidas activas para el empleo en el sector del metal y auxiliar naval

empreganav

EmpregoNav FEAG Promotores Programas Ayudas Actualidad Documentos Enlaces Contratación

Mato eloxia os valores de “responsabilidade, axuda, igualdade e solidariedade” das cooperativas galegas na celebración do seu día

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, participou nos actos de conmemoración do Día do Cooperativismo Galego, que coincide coa efeméride internacional centrada nesta fórmula empresarial
- ▶ Catro cooperativas recibiron os premios á súa excelencia, capacidade de innovación e compromiso: Amegrove, Santa María do Val, O Canto da Balea, e Cine y Documental
- ▶ Desde o ano 2009 ata o día de hoxe, creáronse 300 novas cooperativas en Galicia, o que demostra a resistencia á crise económica destes negocios
- ▶ Actualmente, estase elaborando o anteproxecto de Lei de economía social, que converterá a Galicia na primeira autonomía en contar cunha norma deste tipo
- ▶ Mato destacou a Rede Eusumo, no marco da cal se crearon 50 cooperativas; ou a tramitación do decreto da Marca Cooperativa Galega, que recoñecerá a calidade dos seus produtos e servizos
- ▶ As cooperativas galegas xeran preto de 19.000 empregos directos, o 2 por cento do total de ocupados da Comunidade Autónoma

A Coruña, 5 de xullo de 2014.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, eloxiou os valores da “responsabilidade social, axuda mutua, toma de decisión colectivas, igualdade, e solidariedade” das cooperativas galegas. Así o destacou durante o acto de conmemoración do Día do Cooperativismo Galego, que un ano máis coincide coa efeméride internacional centrada nesta fórmula empresarial.

O obxectivo desta celebración –que foi precedida por unha xornada técnica- é “recoñecer e poñer en valor” os proxectos de economía social, que permiten o “desenvolvemento sostible” a nivel local, a dinamización da economía, e a creación de emprego de calidade. “As cooperativas poñen por riba de todo as persoas, as súas necesidades e o seu benestar”, subliñou.

A titular do departamento autonómico fixo tamén fincapé en que esta fórmula é “especialmente exitosa” en Galicia, e que está demostrando resistencia ante a crise económica. Así, mentres que en 2012 e 2013 o número de cooperativas descendeu en España, en Galicia segue aumentando. En concreto, desde 2009 ata o día de hoxe creáronse 300

novas cooperativas nesta Comunidade Autónoma. Só en 2013, constituíronse 64, unha cifra que é previsible superar este ano.

Actualmente, hai activas 1.238 cooperativas en Galicia, das que forman parte máis de 90.000 socios e xeran preto de 19.000 empregos directos, “isto quere dicir que o 2 por cento dos ocupados da comunidade están vinculados a esta fórmula de economía social”. En termos de facturación, o cooperativismo supera os 2.435 millóns ao ano, o que supón o 4,3% do PIB galego.

Dada a relevancia deste sector en termos cuantitativos e cualitativos, a Consellería de Traballo e Benestar “leva esforzándose” desde o primeiro día para apoiar e recoñecer o seu traballo. Mato citou varios avances, como a mellora do marco normativo. En 2011 modificouse a Lei do cooperativismo para facilitar a creación de novas cooperativas. E na actualidade estase elaborando o anteproxecto de Lei de economía social, o que converterá a Galicia na primeira autonomía en contar cunha norma destas características.

Outra iniciativa relevante foi a creación en 2012 da Rede Eusumo, que ofrece información,



<http://www.cooperativasdeg Galicia.com/>



formación, orientación e asesoramento. No marco desta rede, naceron máis de 50 cooperativas, que posibilitaron a creación duns 200 empregos directos.

Mato salientou tamén dúas novidades importantes. Por unha banda, lembrou que este ano se estableceu un novo programa de axudas ás cooperativas impulsadas por mozos e mozas de entre 16 e 29 anos, no marco do Plan de emprego xuvenil. Grazas a esta medida, as cooperativas

xuvenís recibirán ata 15.000 euros, e contarán ademais cun 25 por cento de incremento en todos os programas de axudas que hai desde a Xunta para esta fórmula empresarial.

A maiores, actualmente o departamento autonómico está tramitando o decreto para a posta en marcha da Marca Cooperativa Galega, que suporá o recoñecemento á calidade dos seus produtos e servizos. Ademais, vai sinalar a todos os usuarios e

consumidores que se trata de produtos ofrecidos por cooperativas, “enxalzando o valor que iso xa ten de por si, xa que se trata de empresas que priman as persoas fronte ao capital”.

Catro cooperativas premiadas Durante a súa intervención, Mato felicitou especialmente ás catro cooperativas que teñen resultado premiadas nesta edición pola súa excelencia, a súa capacidade de innovación e o seu compromiso cos valores esenciais da economía social.

Amegrove S. Coop do Grove recibiu o galardón aos valores cooperativos tras catro décadas de traxectoria, que a levaron a converterse nunha empresa líder do sector do mexillón. Pola súa banda, a entidade Santa María do Val S. Coop de Narón recolleu o premio á promoción do cooperativismo, tras 40 anos dinamizando a súa parroquia, o desenvolvemento rural e contribuíndo ao benestar dos veciños.

O premio ao mellor proxecto cooperativo recaeu en dous proxectos máis novos, pero “cun futuro prometedor”. O Canto da Balea, de Carnota, ofrece produtos galegos do mar, obtidos a través dunha pesca artesanal e responsable, ao tempo que aposta pola divulgación e o asesoramento para acadar un aproveitamento sustentable dos recursos mariños. Pola súa banda, Cine y Documental, da Coruña, leva a fórmula cooperativa a un terreo “onde non é tan habitual, como o audiovisual. Con ela, axudan a canalizar todo o talento e a creatividade de Galicia”.

Xa para concluír, Mato asegurou que o Goberno galego continuará colaborando coa aposta cooperativa pola “cohesión social, o equilibrio territorial, a creación de emprego estable e de calidade, e o desenvolvemento sostible”, e eloxiou tanto o exemplo das iniciativas premiadas como do cooperativismo galego no seu conxunto, xa que son un “estímulo extraordinario” para a sociedade.

O ISSGA desenvolverá unha campaña en 60 concellos de Galicia para concienciar sobre os riscos no manexo do tractor

- ▶ A directora do ISSGA, Adela Quinzá-Torroja, e a delegada territorial da Xunta en Lugo, Raquel Arias, ofreceron unha rolda de prensa para presentar esta iniciativa
- ▶ O 95% dos sinistros sófrenos persoas maiores do medio rural que seguen a utilizar o tractor, aínda que xa non formen parte do mercado laboral
- ▶ Esta campaña enmárcase no ‘Programa de desenvolvemento rural sostible 2010-2014’.

Lugo, 11 de agosto de 2014.- O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), dependente da Consellería de Traballo e Benestar, desenvolve unha campaña de concienciación en 60 concellos galegos para informar sobre os perigos do manexo do tractor e dos seus aparellos.

A directora do ISSGA, Adela Quinzá-Torroja, e a delegada territorial da Xunta en Lugo, Raquel Arias, ofreceron unha rolda de prensa para presentar esta iniciativa que terá unha especial incidencia na provincia luguesa pola importancia da actividade agraria na zona.

Segundo indicou Quinzá-Torroja, “aínda que o ámbito de actuación do ISSGA é o laboral e, polo tanto, as súas actuacións de promoción da prevención de riscos laborais, asesoramento técnico e investigación de accidentes

dirixense ás empresas e aos traballadores e traballadoras, tamén temos a función de divulgar boas prácticas e de introducir e consolidar a cultura preventiva na sociedade en xeral”. Neste último obxectivo contextualízase esta campaña porque o 95% dos sinistros os sófren persoas maiores do medio rural que seguen a utilizar o tractor, aínda que xa non formen parte do mercado laboral. Neste sentido, máis do 52% dos sinistros mortais sófrenos persoas maiores de 65 anos.

O obxectivo da campaña é chegar a esa poboación rural que utiliza o tractor con dúas mensaxes. Dunha banda, alertar e concienciar dos riscos do manexo do tractor e dos seus aparellos e informar de cales son as causas máis recorrentes dos sinistros; e, doutra banda, como órgano técnico en materia de prevención, facilitar

recomendacións básicas, que, de terse sempre en conta, evitarían os accidentes ou, cando menos, minimizarían a súas consecuencias.

Ao respecto, Arias destacou que Lugo é a provincia que máis tractores en uso ten en toda España e o parque de maquinaria agrícola na provincia segue crescendo a un ritmo de algo máis do 1% anual. Así, nos últimos dez anos medrou nun 10% e o censo de tractores en particular nun 15%. Iso significa que o índice de renovación é moi alto xa que, no mesmo período, as baixas no rexistro creceron máis do 50% e pese a todo segue a aumentar o parque.

Esta campaña enmárcase no ‘Programa de desenvolvemento rural sostible 2010-2014’. Coa mesma, a Xunta de Galicia, ademais de dar cumprimento á previsión recollida no Plan estratéxico para a prevención de riscos laborais en Galicia 2011-2014, de manter como actuación prioritaria e preferente a actividade agraria, gandeira e forestal, lembra que cada vez que acontece un sinistro debe poñer en marcha dispositivos de resposta inmediata, como os que realiza o persoal de emerxencias e sanitario.

<http://issga.xunta.es/portal/index.html>



Informe do paro rexistrado

Galicia pecha agosto con 3.340 persoas desempregadas menos, o maior descenso do Estado por segundo mes consecutivo

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2014.- Galicia pechou o mes de agosto con 3.340 persoas desempregadas menos que no mes de xullo, o que en termos porcentuais se traduce nunha baixada do 1,39 por cento. É a comunidade autónoma onde máis baixou o paro rexistrado en termos absolutos por segundo mes consecutivo e a segunda en termos relativos (-1,39%),

superada unicamente por Cantabria. No mes de agosto, Galicia rexistrou un total de 236.939 persoas desempregadas. A directora xeral de Formación e Emprego, Ana María Díaz, valorou a evolución dos datos do paro rexistrado, salientando que Galicia rexistrou este mes de agosto, en termos intermensuais absolutos, o terceiro maior descenso histórico, xunto co

producido o ano pasado, cando houbo 3.578 persoas desempregadas menos, e en 1997 con -3.354. Ademais, en termos relativos, é, segundo resaltou Díaz López, “o mellor comportamento desde o ano 1998”. Así mesmo, é preciso resaltar que é o sétimo mes consecutivo de baixada intermensual do paro rexistrado en Galicia, desde o pasado mes de febreiro.

Na evolución interanual, Díaz López sinalou que Galicia, ademais, rexistrou a décima baixada interanual consecutiva de paro rexistrado e a maior de todas elas en termos porcentuais. En concreto, o número de parados diminuíu en 20.585 persoas, representando en valores porcentuais o -7,99 por cento. “Isto confirma a mellora progresiva no comportamento do paro iniciado

desde finais do pasado ano”, subliñou a directora xeral.

Trátase igualmente do mellor comportamento interanual nun mes de agosto de toda a serie histórica en termos absolutos, desde 1996, e en termos relativos desde 1999.

En España, o desemprego subiu en 8.070 persoas, un 0,18 por cento, ata situarse nos 4.427.930. En termos interanuais, o desemprego en España descendeu nun -5,76%. Deste xeito, Galicia sitúase por riba da media estatal, tanto a nivel mensual como en interanual.

Por sectores, Díaz López resaltou que o paro rexistrado baixa en todos eles, incluíndo o colectivo de persoas sen emprego anterior. Os principais descensos danse en termos absolutos no sector servizos (-1.299) e na construción (-952), seguidos da industria (-464); o colectivo sen emprego anterior (-352); e a agricultura e a pesca (-273).

Por provincias, o paro baixou en todas elas en termos absolutos. O maior descenso corresponde á da Coruña (-1.430); seguida por Ourense (-798); Lugo (-682) e Pontevedra (-430). “Estamos novamente ante un mes no que o comportamento do paro rexistrado arroxa datos positivos e uniformes en

todas as provincias galegas”, apuntou Díaz López.

En canto á afiliación á Seguridade Social, Galicia rexistrou no mes de agosto 5.550 afiliados máis que no mes anterior, o que representa un 0,59 por cento máis que en xullo. Neste senso, a directora xeral indicou que Galicia é a Comunidade autónoma onde máis ascende a afiliación en termos absolutos. Así mesmo, Díaz López destacou que outro dato que se debe ter en conta é o incremento de contratacións en termos interanuais, dado que “temos neste momento unha variación porcentual positiva do 11,38%, mentres que no conxunto do Estado a subida interanual foi do 8,81%”.

En definitiva, Díaz López afirmou que este mes se acadou “unha desestacionalización” do paro rexistrado en agosto e incidiu no bo comportamento na evolución do paro nos últimos meses en Galicia, salientando, ademais, que o paro rexistrado entre os menores de 30 anos é o tramo onde máis baixou en termos relativos. “Isto significa que se continúa co bo comportamento dos últimos meses cunha caída do -2,95%”. Por último, Díaz López apuntou que “Galicia seguirá traballando por cada un dos desempregados que existen na actualidade”.

Emprego e formación

Traballo destina 2,2 millóns a manter a rede de axentes de emprego e desenvolvemento local integrada por 258 traballadores

- ▶ O Diario Oficial de Galicia (DOG nº137, do 21.07.2014) publica esta liña de axudas da Consellería de Traballo e Benestar destinada á contratación de profesionais cualificados que actúen como dinamizadores do desenvolvemento económico
- ▶ As subvencións están dirixidas aos concellos e a súa finalidade é reactivar, principalmente, a economía das zonas rurais
- ▶ Este ano mantéñense de novo os criterios que priman os proxectos de xestión compartida
- ▶ As entidades locais contaron co prazo dun mes para presentar as súas solicitudes

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2013.- O Diario Oficial de Galicia (DOG nº137, do 21.07.2014) publicou a convocatoria de axudas destinadas á contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local. Esta orde conta cun investimento para este ano de 2,2 millóns de euros, o que permitirá manter a rede integrada por 258 traballadores.

social, así como a inserción laboral das persoas desempregadas. Deste xeito, fomentan novas actividades xeradoras de emprego que repercuten na creación de novos postos de traballo e de alternativas de ocupación laboral.




A convocatoria destas axudas mantén este ano, de novo, os criterios para primar proxectos de xestión compartida. Deste xeito, terán prioridade aqueles concellos que teñan unha media de paro rexistrado no ano 2013 inferior a 500 persoas no seu ámbito territorial e que se agrupen para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local. Nestes casos, incrementarase a contía máxima da subvención. Ademais, cabe tamén a posibilidade de solicitar axudas de xeito individual.

Os interesados en optar a estas axudas tiveron un mes de prazo. As solicitudes tramitáronse de maneira exclusiva a través de medios telemáticos da sede electrónica da Xunta.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140721/AnuncioCA05-110714-0005_gl.pdf



Evolución do paro:



A campaña de verán de Xuventude remata en toda Galicia cunha oferta de máis de 8.200 prazas, un 2,7% máis que en 2013



- ▶ A Consellería de Traballo e Benestar destinou a esta iniciativa máis de 2,3 millóns de euros
- ▶ A campaña permitiu a contratación de máis de 900 persoas desempregadas como monitores e directores de tempo libre
- ▶ Galicia foi a comunidade autónoma cunha maior oferta de campos de traballo internacionais.

coñece como oferta concertada. Deste xeito, un total de 32 asociacións xuvenís, entidades prestadoras de servizos á xuventude, escolas de tempo libre e concellos participaron neste sistema, polo que a Consellería de Traballo e Benestar puxo a disposición destas entidades as súas instalacións xuvenís para a organización de campamentos de verán. A través desta fórmula, ofertáronse un total de 1.724 prazas en doce instalacións.

Ademais, os mozos galegos tamén participaron en campamentos de intercambio noutras comunidades autónomas, concretamente no País Vasco, Castela e León, Extremadura e A Rioxa. Pola súa banda, participantes doutras comunidades autónomas puideron vir a Galicia.

A duración dos campamentos oscilou entre os oito e os doce días, en función da idade dos participantes e das súas características, con actividades con contido diferente, desde aquelas

de carácter náutico, de dramatización e expresión cultural, a xogos tradicionais, ou deportes de multiaventura. Ademais, este ano organizouse por primeira vez un proxecto piloto para realizar actividades en inglés no Poboado dos Peares, co obxectivo de elevar o nivel idiomático dos participantes.

Como todos os anos, tamén se colaborou coa Secretaría Xeral de Emigración para facilitar a participación de descendentes de emigrantes galegos. Así mesmo, reserváronse unha serie de prazas para colectivos específicos, que foron xestionados pola Secretaría Xeral de Igualdade, a de Política Social e a Dirección Xeral de Familia e Inclusión.

Unha importante novidade na orde deste ano foi que os mozos e mozas con discapacidade inferior ao 65 por cento puideron participar na convocatoria, optando polo procedemento xeral ou ben polo de prazas reservadas para a inclusión social.

<http://xuventude.xunta.es/>



O presidente da Xunta visitou aos participantes no campo de traballo Hospitaleiros do Camiño, no programa de voluntariado Melide no Camiño e no campamento En bicicleta pola natureza

Santiago de Compostela 28 de agosto de 2014. - Rematan en toda Galicia os campos de traballo, intercambios, campamentos e actividades para maiores de 18 anos organizados pola Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, no marco do programa Campaña de verán.

A oferta deste ano foi de 8.268 prazas, o que supuxo aumentar nun 2,7 por cento as prazas do ano anterior. Con esta iniciativa, Galicia puido seguir ofrecendo aos mozos e mozas galegas e ás súas familias un recurso de ocio educativo, tempo libre e conciliación de primeiro nivel.

O Goberno galego realizou nesta campaña un investimento de máis de 2,3 millóns de euros. Este orzamento non só beneficia os usuarios das distintas actuacións, senón que tamén permitiu a contratación de máis de 900 persoas como monitores e directores de tempo libre.

Os campamentos de verán para os menores de idade tiveron lugar nos meses de xullo e agosto, e desenvólvense nun total de 19 albergues e campamentos en toda Galicia.

Parte destas instalacións tamén foron ofertadas a entidades sen ánimo de lucro para que puidesen organizar as súas propias actividades de verán, no que se

Actividades de maiores de 18 e campos de traballo

Ademais dos campamentos e da oferta concertada, a campaña de verán tamén incluíu actividades para mozos e mozas de entre 18 e 30 anos, cunha programación de calidade onde se fomentou o intercambio de experiencias e o coñecemento do territorio.

Nesta campaña de verán tamén se ofertaron 649 prazas para a participación de mozos e mozas de entre 18 e 30 anos en campos de traballo, das que 249 foron de envío a outras comunidades autónomas (101 prazas) e a outros países (148 prazas). Con estes datos, Galicia é a comunidade española con máis prazas en campos de traballo internacionais.

As outras 400 prazas foron de acollida nos campos que se organizan en Galicia e nos que participaron mozos e mozas procedentes de todo o mundo, doutras autonomías, da emigración exterior e da nosa comunidade.

Os mozos e mozas galegos puideron optar a participar tanto nos 14 campos de Galicia como nos que se ofertaron en 11 comunidades autónomas e en 27 países de 4 continentes distintos: Europa, Asia, África e América do Norte. As quendas foron de entre 12 e 15 días, e os campos centráronse en actividades ambientais, etnográficas, sociais, arqueolóxicas ou de fomento do emprendemento. Esta iniciativa foi dirixida a mozos e mozas galegos, a residentes noutras comunidades autónomas, así como doutros países como Francia, Alemaña, Grecia, Italia, Corea do Sur ou Xapón, así como voluntarios procedentes da Galicia exterior. A mocidade galega tamén asistiu a actividades organizadas noutras comunidades autónomas e no estranxeiro, en países como República Checa, Finlandia, México ou Taiwán.

O servizo Quérote+ de Xuventude realizou máis de 1.300 probas de detección en fluído oral de anticorpos do VIH desde 2011

- ▶ Esta proba ten cada vez unha demanda máis elevada, das 193 probas que se fixeron no 2011, pasouse ás 366 no 2012, 430 no 2013, e xa só nestes primeiros meses do ano se teñen feito 312 probas
- ▶ Este método de detección, baixo a denominación de proba rápida, ofrece a posibilidade de coñecer en aproximadamente 20 minutos a presenza de anticorpos de VIH no organismo
- ▶ O perfil da persoa que se achega a realizar a proba aos centros Quérote+ é un home de entre 16 e 34 anos da provincia da Coruña ou de Pontevedra

Santiago de Compostela, 20 de agosto de 2014. - O servizo Quérote+ da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, realizou máis de 1.300 probas de detección en fluído oral de anticorpos de VIH no organismo, desde que se puxo en marcha este recurso en abril de 2011, en colaboración coa Consellería de Sanidade.

Esta proba ten cada vez unha demanda máis elevada, das 193 probas que se fixeron no 2011, pasouse ás 366 no 2012, 430 no 2013, e xa só nestes primeiros meses do ano se teñen feito 312 probas.

Nos centros Quérote+ de toda Galicia realízase este método de detección que, baixo a denominación de proba rápida, ofrece a posibilidade de coñecer en aproximadamente 20 minutos a presenza de anticorpos de VIH no organismo.

Nos centros Quérote+ ofrécese un asesoramento acerca do VIH e a súa prevención, e durante este asesoramento xa se informa o usuario do resultado. Non é unha proba diagnóstica, xa que un resultado positivo deberá sempre ser confirmado por probas de laboratorio hospitalario.

Unha diagnose a tempo ofrece a posibilidade de beneficiarse da terapia antiviral nas etapas precoces da infección e pode contribuir a modificar as condutas que favorecen a transmisión do virus a outras persoas.

Estímase que o 25% da

poboación portadora descoñece que ten VIH. Isto é posible porque o VIH pode estar asintomático, é dicir, non presentar síntomas no corpo. Pero a pesar de non mostrar síntomas, esa persoa, ao ser portadora do VIH, pode transmitirlo a outra persoa, esta a outra, e así é como se produce a cadea de transmisión do virus.

O perfil da persoa que se achega a realizar a proba aos centros Quérote+ é un home (70% das persoas que fan a proba) de entre 16 e 34 anos (71 % das persoas que fan a proba) da provincia da Coruña ou de Pontevedra (77% das persoas que fan a proba pertencen a unha destas provincias).

Quérote+ leva desde os seus inicios, no ano 2006, traballando a prol da prevención, información e divulgación sobre o VIH-sida a través de diversas accións específicas: carpas e mesas informativas en días mundiais sinalados como son o Día Mundial da Proba Rápida do VIH ou o Día Mundial de Loita contra o VIH, obradoiros e cursos de formación en espazos xuvenís ou campañas específicas de sensibilización.

As últimas campañas lanzadas pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado neste ámbito foron "Facémolo", que se distribúe a través dun código QR que dá acceso a toda a información relevante para a realización da proba rápida do VIH nos centros Quérote+, e "Pon a proba do VIH nos teus favoritos!", en colaboración coa Consellería de Sanidade, unha campaña que se lanzou a través de aplicacións móbiles de contacto entre homes (Bender/Grindr), dando información sobre a proba e os espazos nos que poder realizala.

<http://xuventude.xunta.es/espazo-vih.html>



Publicacións

Catálogo de publicacións na web

Últimas novidades:



BITEB. Boletín Informativo de Trabajo e Benestar maio 2014, nº 98

Publicación periódica mensual na que se recollen novas sobre as actuacións máis salientables da Xunta de Galicia nos eidos laboral e do benestar. Acompaña a publicación unha recompilación normativa de lexislación relacionada con estes ámbitos de carácter autonómico (DOG e diarios oficiais das restantes comunidades autónomas), estatal (BOE) e comunitario (DOUE).

Acceso: http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/BITEB_nx_98_Xullo.pdf



Prevención de riscos ergonómicos: actividade da distribución de alimentación

Esta guía dirixese, exclusivamente, aos traballadores dedicados á venda de alimentos en empresas de distribución de alimentos. Pretende sinalar os puntos máis problemáticos nas tarefas que adoitan realizar os traballadores e achega distintas solucións ou formas de mitigar os problemas segundo o nivel de risco que en cada caso concreto teñen as distintas tarefas. Estas poden resumirse en 3: manipulación manual de cargas, movementos repetitivos e posturas forzadas. Non son as únicas, pero si válidas para reformar postos de traballo que deberían ser deseñados pensando nos traballadores.

Acceso: http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Guia_tecnica_Issga_Riscos_ergonomicos_na_distribucion_de_alimentacion.pdf



Fixa_RSE : O Boletín do Observatorio Galego da Responsabilidade Social Empresarial

Boletín de periodicidade trimestral que nace cun dobre obxectivo: ser punto de referencia na responsabilidade social empresarial para as organizacións galegas do territorio e dar visibilidade a todas aquelas accións que supoñan un impulso para facer real a RSE en Galicia

Acceso galego: http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Boletin_FIXA_RSE_n1_GAL_def.pdf

Acceso castelán: http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Boletin_FIXA_RSE_n1_ES_def.pdf

Prevención de riscos nos traballos de LIMPEZA e DESINFECCIÓN no sector AGROALIMENTARIO



Prevención de riscos nos traballos de limpeza e desinfección no sector agroalimentario

En formato ficha editábase este folheto para a prevención de riscos laborais en traballos de limpeza e desinfección no sector agroalimentario: definición de produtos, etiquetas, ficha de datos de seguridade, locais de traballo, axentes químicos e biolóxicos, prácticas de traballo seguras, escadas, manipulación manual de cargas, sobreesforzos, equipamentos de protección individual e lexislación.

Acceso galego: http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Atende_limpeza_Gal_Web_20140602.pdf

Acceso castelán: http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Atende_limpeza_Cas_web_20140602.pdf

OS PRODUTOS QUÍMICOS NO AGRO



Os produtos químicos no agro

En forma de fichas, este folheto informa sobre as medidas que se deben adoptar no manexo de produtos químicos no agro en relación coa prevención de riscos laborais. Inclúe unha introdución sobre os produtos químicos e pasa a informar sobre os riscos no uso de produtos químicos perigosos e a forma de evitar a súa explosión. Por último, danse indicacións básicas sobre primeiros auxilios.

Acceso galego: http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Atende_GAL_quimicos_web_20140603.pdf

Acceso castelán: http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Atende_CAS_quimicos_web_20140603.pdf

A MULLER NO AGRO: EMBARAZO e LACTACIÓN

A muller no agro : embarazo e lactación



A través de fichas, este folheto infórmanos sobre as medidas que deben adoptar as mulleres na etapa de embarazo e lactación natural en relación coa prevención de riscos laborais en traballos no agro: os produtos químicos e a maternidade, a exposición a axentes químicos perigosos, o traballo con produtos químicos perigosos, os axentes biolóxicos e materiais, sobreesforzos, riscos posturais, etc.

Acceso galego: http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Atende_Muller_Gal.pdf

Acceso castelán: http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Atende_Muller_Cas_Web.pdf



Mapa de risco químico: sector industrial

O ISSGA, como resposta ás deficiencias detectadas na avaliación do risco químico, incluíu no seu plan de actividades 2010 este proxecto coa finalidade de asesorar e prestar asistencia técnica para a correcta xestión deste risco. Este asesoramento complementábase, ademais, con accións de formación e información dirixida a empresarios e traballadores.

Acceso galego: http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/MRQ_GALEGO_web_20140527.pdf

Acceso castelán: http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/MRQ_CAS_20140604_DEF_WEB.pdf

Publicacións

Publicacións editadas ou de próxima aparición:

- BITeB nº 98, xullo 2014
- FIXA_RSE O Boletín do observatorio galego da responsabilidade social empresarial
- FIXA_RSE El boletín del observatorio gallego de la responsabilidad social empresarial
- Preparados para pescar
- Equipos de Trabajo. Os Lembra Issga. Pesca
- Saúde laboral: redeiras. Guía de boas prácticas Issga.
- Salud laboral: rederas. Guía de buenas prácticas
- Correspondentes xuvenís 3.0
- Estadísticas Sociolaborais. Anuario 2013
- Execución de medidas xudiciais previstas na Lei orgánica 5/2000.
- Estadística, 2013
- Fichas de investigación ISSGA. Accidentes laborais na actividade forestal
- Prevención de risco co tractor, a motoserra e a rozadoira
- Guía RSE para o sector da madeira: guía sectorial de boas prácticas para a implantación de actuacións en materia de RSE na cadea de valor da madeira de Galicia
- Guía para el sector de la madera: guía de buenas prácticas para la implantación de actuaciones en materia de RSE en la cadena de valor de la madera de Galicia
- Guía RSE – Boas prácticas sector TIC galego
- Guía RSE – Buenas prácticas sector TIC gallego
- Plan estratéxico de xuventude de Galicia 2014-2016

<http://traballo.xunta.es/publicacions-recursos?activo2=sop4>

The screenshot shows the 'Portal de Trabajo' website. The top navigation bar includes 'Inicio', 'Subscripcións', 'Mapa do portal', 'Contacto', 'Sugestións e queixas', 'Accesibilidade', and language options 'Galego' and 'Castellano'. The main header features the 'XUNTA DE GALICIA' logo and 'CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR'. Below this is a menu with categories: 'Consellería', 'Formación e Cualificacións', 'Emprego', 'Relacións Laborais', 'Cooperativismo e Economía Social', and 'Prevención Riscos Laborais'. A search bar is also present. The main content area is titled 'Publicacións' and lists several documents with their titles and years. A search filter on the right allows users to search by 'Título', 'Autor', 'Palabras Clave', 'ISSN', and 'ISBN', with dropdown menus for 'Ano Desde', 'Ano Ata', 'Publicación', 'Área temática', and 'Órgano'.

DOG

- Orde do 27 de xuño de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e do Programa de subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional, no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014. (DOG nº 128, do 08.07.2014).
- Orde do 1 de xullo de 2014 pola que se fai pública a ampliación do importe existente para a concesión de axudas destinadas á programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondente ao exercicio 2014, convocadas pola Orde do 23 de decembro de 2013. (DOG nº 129, do 09.07.2014).
- Orde do 20 de xuño de 2014 pola que se establece a convocatoria para o ano 2014 e se particulariza o seu importe global máximo, para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas a proxectos colectivos para a xestión de zonas de produción, conservación, protección e sustentabilidade da explotación dos recursos mariños, que permitan mellorar as condicións de vida e traballo das persoas que se dedican a esta actividade e que contribúan á conservación do medio mariño e das súas especies. (DOG nº 129, do 09.07.2014).
- Orde do 4 de xullo de 2014 pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan subvencións para proxectos de acción de saúde pública no campo do VIH/sida en Galicia. (DOG nº 131, do 11.07.2014).
- Orde do 4 de xullo de 2014 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para o cofinanciamento de proxectos de prevención de drogodependencias e condutas adictivas promovidos por entidades privadas sen ánimo de lucro que desenvolven o seu labor no eido da prevención das drogodependencias, na Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria. (DOG nº 133, do 15.07.2014).
- Orde do 4 de xullo de 2014 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para o cofinanciamento de proxectos de prevención de drogodependencias e condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidade de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria. (DOG nº 133, do 15.07.2014).
- Orde do 9 de xullo de 2014 pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2014. (DOG nº 137, do 21.07.2014).
- Resolución do 8 de xullo de 2014, da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, pola que se fai pública a concesión dos premios á cooperación 2014. (DOG nº 137, do 21.07.2014).
- Resolución do 8 de xullo de 2014, da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, pola que se fai pública a concesión dos premios do certame Cooperativismo no Ensino 2014, dirixido ao alumnado e profesorado dos centros educativos de Galicia. (DOG nº 137, do 21.07.2014).
- Decreto 88/2014, do 3 de xullo, polo que se regula o sistema de substitución de sancións impostas por incumprimento da Lei 11/2010, do 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade e se establecen os criterios básicos dos programas preventivos que dela derivan. (DOG nº 138, do 22.07.2014).
- Corrección de erros. Orde do 23 de decembro de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2014. (DOG nº 138, do 22.07.2014).
- Decreto 91/2014, do 17 de xullo, polo que se modifica o Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes desta consellería. (DOG nº 140, do 24.07.2014).
- Resolución do 21 de xullo de 2014, da Dirección Xeral de Familia e Inclusión, pola que se actualizan os prezos públicos establecidos polo Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes desta consellería. (DOG nº 142, do 29.07.2014).
- Orde do 22 de xullo de 2014 pola que se fai pública a ampliación dos importes existentes para a concesión das axudas previstas na Orde do 22 de maio de 2014, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2014. (DOG nº 144, do 31.07.2014).
- Decreto 96/2014, do 3 de xullo, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia. (DOG nº 145, do 01.08.2014).
- Resolución do 23 de xullo de 2014, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas económicas destinadas a fomentar o asociacionismo e a participación das mulleres, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE), e se procede á súa convocatoria para o ano 2014. (DOG nº 145, do 01.08.2014).

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

The screenshot shows the 'DOG' (Diario Oficial de Galicia) website. The top navigation bar includes 'Inicio', 'Subscripcións', 'Mapa do portal', 'Contacto', 'Sugestións e queixas', 'Accesibilidade', and language options 'Galego' and 'Castellano'. The main header features the 'XUNTA DE GALICIA' logo and 'CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR'. Below this is a search bar. The main content area is titled 'DOG' and shows the cover of issue number 23, dated 'Venres, 1 de febreiro de 2013'. The cover includes the text 'Consulta do DOG', 'Último DOG', 'Número de DOG', and 'Número de DOG por anos'. The website also displays the date 'Venres, 1 de febreiro de 2013' and the page number 'Página 41'.

DOG

- Orde do 28 de xullo de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións de programas desenvolvidos polas corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2014, cofinanciada polo Fondo Social Europeo 2007-2013. (DOG nº 145, do 01.08.2014).
- Decreto 99/2014, do 24 de xullo, polo que se regula o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou persoas en situación de dependencia. (DOG nº 149, do 07.08.2014).
- Resolución do 8 de agosto de 2014, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas do programa Emega para fomento do emprendemento feminino, cofinanciadas polo FSE, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014 (SI429A). (DOG nº 151, do 11.08.2014).
- Orde do 5 de agosto de 2014 pola que se regulan aspectos específicos para a implantación das ensinanzas de formación profesional básica no curso académico 2014/15. (DOG nº 153, do 13.08.2014).
- Corrección de erros. Orde do 19 de abril de 2013 pola que se modifica a Orde do 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes. (DOG nº 153, do 13.08.2014).
- Orde do 23 de xullo de 2014 pola que se regula a implantación para o curso 2014/15 dos cursos primeiro, terceiro e quinto de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o calendario de aplicación da Lei orgánica 8/2013, para a mellora da calidade educativa. (DOG nº 154, do 14.08.2014).
- Orde do 11 de agosto de 2014 pola que se fai pública a ampliación dos importes existentes para a concesión das axudas previstas na Orde do 30 de maio de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de

persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de Risga, e se aproba a convocatoria para o ano 2014. (DOG nº 155, do 18.08.2014).

- Orde do 31 de xullo de 2014 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a obtención das titulacións de mariñeiro/a pescador/a, patrón/patroa local de pesca e patrón/patroa costeiro/a polivalente na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 156, do 19.08.2014 e corrección de erros no DOG nº 161, do 26.08.2014).

- Orde do 8 de agosto de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas de carácter socioeconómico cofinanciadas nun 75 % co Fondo Europeo de Pesca (FEP) e se establece a súa convocatoria para o ano 2014. (DOG nº 158, do 21.08.2014).

- Orde do 14 de agosto de 2014 pola que se regula o acceso e a admisión aos ciclos de formación profesional básica e se autoriza a súa oferta para o curso 2014/15. (DOG nº 161, do 26.08.2014).

las personas mayores. (BOJA de 08.07.2014)

- Resolución de 4 de julio de 2014, de la Presidencia del Parlamento de Andalucía, por la que se ordena la publicación del Acuerdo de convalidación del Decreto-ley 8/2014, de 10 de junio, de medidas extraordinarias y urgentes para la inclusión social a través del empleo y el fomento de la solidaridad en Andalucía. (BOJA de 10.07.2014)

- Resolución de 2 de julio de 2014, de la Dirección General de Economía Social, por la que se convoca la concesión de subvenciones recogidas en la Orden de 6 de junio de 2014, por la que se aprueban las bases reguladoras para la concesión de subvenciones del Programa de Apoyo a la Promoción y el Desarrollo de la Economía Social para el

NORMATIVA CCAA

Empleo. (BOJA de 11.07.2014)

- Ley 2/2014, de 8 de julio, integral para la no discriminación por motivos de identidad de género y reconocimiento de los derechos de las personas transexuales de Andalucía. (BOJA de 18.07.2014)

- Decreto-Ley 9/2014, de 15 de julio, por el que se aprueba el Programa Emple@30+. (BOJA de 21.07.2014 y corrección de errores 24.07.2014)

- Orden de 15 de julio de 2014, por la que se establece la distribución de las cantidades a percibir por las entidades locales para la financiación de las Ayudas Económicas Familiares correspondientes al ejercicio 2014. (BOJA de 22.07.2014)

- Resolución de 17 de julio de 2014, del Instituto Andaluz de la Juventud, por la que se establecen las bases reguladoras y se convocan los premios Andalucía Joven 2014. (BOJA de 24.07.2014)

- Orden de 16 de julio de 2014, por la que se delegan competencias para la suscripción de un Convenio de colaboración entre la Consejería de Igualdad, Salud y Políticas Sociales de la Junta de Andalucía y la Universidad de Córdoba para el desarrollo del Programa de Atención Infantil Temprana a niños y niñas de 0 a 6 años con trastornos en su desarrollo o riesgo de padecerlos. (BOJA de 24.07.2014)

- Orden de 18 de julio de 2014, por la que se establece la distribución de las cantidades a percibir por las entidades locales para la financiación de los Servicios Sociales Comunitarios en Andalucía, correspondientes al ejercicio presupuestario 2014. (BOJA de 24.07.2014)

- Orden de 16 de julio de 2014, por la que se determina la organización, composición y funcionamiento de la Comisión de Seguimiento del Programa de Ayuda a la Contratación. (BOJA de 25.07.2014)

- Orden de 24 de julio de 2014, por la que se modifica la de 17 de mayo de 2013 de la Consejería de Presidencia e Igualdad, que establece las bases reguladoras para la concesión de subvenciones, en régimen de concorrencia competitiva, por el Instituto

Andaluz de la Juventud a Entidades Locales Andaluzas para la realización de actuaciones en materia de juventud, y se efectúa su convocatoria para el ejercicio 2014. (BOJA de 30.07.2014)

- Orden de 24 de julio de 2014, por la que se modifica la de 3 de septiembre de 2013, por la que se establecen las bases reguladoras para la concesión de subvenciones, en régimen de concorrencia competitiva, por el Instituto Andaluz de la Juventud a jóvenes andaluces o residentes en Andalucía hasta 35 años, inclusive, para poner en funcionamiento y desarrollar proyectos empresariales en Andalucía, y se efectúa su convocatoria para el ejercicio 2014. (BOJA de 30.07.2014)

- Orden de 24 de julio de 2014, por la que se modifica la de 17 de mayo de 2013 de la Consejería de Presidencia e Igualdad, que establece las bases reguladoras para la concesión de subvenciones, en régimen de concorrencia competitiva, por el Instituto Andaluz de la Juventud a asociaciones juveniles, federaciones de asociaciones juveniles, secciones juveniles de otras asociaciones, entidades sin fines de lucro y grupos de corresponsales juveniles, en materia de juventud, y se efectúa su convocatoria para el ejercicio 2014. (BOJA de 30.07.2014)

- Resolución de 24 de julio de 2014, de la Presidencia del Parlamento de Andalucía, por la que se ordena la publicación del acuerdo de convalidación del Decreto-ley 9/2014, de 15 de julio, por el que se aprueba el Programa Emple@30+. (BOJA de 31.07.2014)

- Acuerdo de 22 de julio de 2014, del Consejo de Gobierno, por el que se aprueba la Agenda por el Empleo. Plan Económico de Andalucía 2014-2020. Estrategia para la Competitividad. (BOJA de 31.07.2014)

- Orden de 1 de agosto de 2014, por la que se realiza la distribución de créditos correspondientes a la convocatoria de subvenciones en régimen de concorrencia competitiva, en el ámbito de la Consejería, año 2014. (BOJA de 08.08.2014)

- Orden de 3 de agosto de 2014, por la que se hace pública la relación de Ayuntamientos participantes en el Programa Extraordinario para suministros mínimos vitales y

prestaciones de urgencia social, regulado por el Decreto-ley 8/2014, de 10 de junio, de medidas extraordinarias y urgentes para la inclusión social a través del empleo y el fomento de la solidaridad en Andalucía, así como las cuantías asignadas a cada uno de ellos. (BOJA de 08.08.2014)

- Orden de 3 de agosto de 2014, por la que se aprueba la reasignación de créditos del Programa Extraordinario de Ayuda a la Contratación de Andalucía regulado por el Decreto-ley 8/2014, de 10 de junio, de medidas extraordinarias y urgentes para la inclusión social a través del empleo y el fomento de la solidaridad en Andalucía. (BOJA de 08.08.2014)

- Resolución de 20 de agosto de 2014, de la Dirección General de Personas Mayores, Infancia y Familias, por la que se convoca la octava edición de los Premios «Andaluna de Atención a la Infancia». (BOJA de 22.08.2014)

Aragón

- Decreto 111/2014, de 8 de julio, del Gobierno de Aragón, por el que se modifica el Decreto 51/2000, de 14 de marzo, por el que se regula el Plan de Formación e Inserción Profesional de Aragón. (BOA de 11.07.2014)

- Orden de 10 de julio 2014, del Consejero de Economía y Empleo, por la que se aprueba la convocatoria para la concesión de subvenciones públicas para la ejecución de acciones formativas dirigidas prioritariamente a trabajadores desempleados del Plan de Formación para el Empleo de Aragón correspondiente al año 2014. (BOA de 16.07.2014 y corrección de errores 23.07.2014)

- Decreto 112/2014, de 8 de julio, del Gobierno de Aragón, por el que se regula el Consejo de Relaciones Laborales de Aragón. (BOA de 18.07.2014 y corrección de errores en el BOA de 05.08.2014)

- Decreto 115/2014, de 8 de julio, del Gobierno de Aragón, de habilitación normativa para la aprobación de las bases reguladoras de las subvenciones con cargo al Fondo para la Inclusión Social y la Ayuda Familiar Urgente, gestionadas por el Departamento de Sanidad, Bienestar Social y Familia. (BOA de 18.07.2014)

NORMATIVA CCAA

Andalucía

- Corrección de errores de la Orden de 20 de junio de 2014, por la que se convocan subvenciones en régimen de concorrencia competitiva para el apoyo a la Red de Solidaridad y Garantía Alimentaria de Andalucía en el ejercicio 2014 (BOJA núm. 123, de 27.6.2014). (BOJA de 01.07.2014)
